

## ACTA N° 53/09

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2009**

#### **Asistentes:**

#### CONCELLEIROS:

D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.

D. Arturo González Pérez.

D. Daniel Rodas Chapela.

D. Valentín Piñeiro González

D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 14 de decembro de 2009, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 50/09, do 23/11/09 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar dita acta.

#### **2.- DACIÓN DE CONTAS DE AVOCACIÓNS REALIZADAS**

Dáse conta que na resolución núm. 698/09 e 700/09, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para o recoñecemento da obriga, na primeira resolución, e para dar de alta a un usuario da ludoteca na segunda..

#### **3.- LICENZAS DE OBRAS**

Visto o expediente instruído a instancia da interesada que de seguido se relaciona e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con

circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**EXPTE. 99/09 – D<sup>a</sup> PAULA ROMERO HERMELO** presenta proxecto de básico de construción dunha vivenda unifamiliar sito en Abelendo, do barrio de San Martiño, Moaña, redactado polo estudo de arquitectura JK.ARKMO, visado o 15.05.09; planta baixa 79,30 m<sup>2</sup>, primeira 70,60 m<sup>2</sup>, baixo cuberta 48,40 m<sup>2</sup>, terraza 7,85 m<sup>2</sup>; orzamento das obras: 132.717 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 10 de decembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** BASICO DE VIVENDA UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)

**INFORME TÉCNICO. Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.**

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución  
No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto tecnico municipal con data de 4 de xuño do 2009 e 3 de decembro do 2009 para Ordenanza 2.

Cumpre as Normas do habitat galego.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización administrativa da Deputación Provincial.

Cédense 60,50M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 1066,90 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario..

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

#### **Liquidación provisoria de tributos:**

Imposto sobre construcións.....	2.654,34 €
Taxas licenza urbanística.....	331,79 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Taxas conexión sumidoiros.....	180,00 €

#### **4.- PARCELACIÓNS**

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se indica e, examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder

a licenza de parcelación de fincas, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes:

**EXPTE. 231/09 - D. JOSÉ LUIS FERVENZA BARREIRO**, solicita licenza de parcelación de finca matriz de 336,00 m<sup>2</sup>, situada na rúa As Barxas, núm. 21 e 23, do barrio do Redondo, en dúas parcelas de 182,00 e 130,00 m<sup>2</sup> respectivamente; os 24 m<sup>2</sup> restantes se corresponden coa cesión realizada ao Concello para ampliación do vial, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado o día 03.12.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal de data 10 de decembro de 2009, que literalmente di como segue:

**ASUNTO:** PARCELACIÓN

**INFORME:** **Procede licenza de parcelación.**

Solo urbano de Ordenanza 3. As parcelas resultantes descritas na documentación técnica presentada, visada polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos con data de 3 de decembro de 2009, resultan dúas parcelas de 182,00 e 130,00 metros cadrados que cumpren a condición de mínimas segundo as determinacións da ordenación urbanística previstas para a zona onde se enclavan.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Taxa licenza urbanística..... 110,00€

### **5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS**

Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, delegación territorial da CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE no que solicita informes do Concello para a continuación da tramitación do expediente nº IA/057/2009 solicitado por MONTAJES CANCELAS,S.L. para a actividade de CONSTRUCCIÓN E REPARACIÓN DE EMBARCACIÓN, S,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 11 de decembro de 2009, que literalmente di:

Ante a resolución da Delegación Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, relativa a solicitude promovida por **MONTAJES CANCELAS, S.L., EXPEDIENTE Nº.: IA/057/2009**, para a actividade de **CONSTRUCCIÓN E REPARACIÓN DE EMBARCACIÓN, S**, ante as deficiencias documentais observadas, requerido este Concello de Moaña, o técnico que suscribe ten a ben informar:

**PRIMEIRO. O técnico informante considera non necesaria da autorización autonómica** aínda baixo a consideración que na actualidade a instalación atópase en solo rústico de protección de costas.

O Concello de Moaña induce o peticionario Montajes Cancelas, S.L a resolver o expediente de construción de nave industrial para a construción naval a solicitar licenza de obras previo trámite ante a Comunidade Autónoma (Comisión Provincial de Urbanismo), fundamentándose

que o terreo circundante a instalación está clasificado nas NN. SS de Planeamento Municipal daquela vixente como solo non urbanizable sen protección específica (Z-5).

Con data de 16/09/1985 o MOPU (Dirección General de Puertos y Costas) notifica a autorización que adxuntamos para a execución das obras no dominio público marítimo-terrestre fora do termo municipal de Moaña según deslinde aprobado por Orde Ministerial de 31/03/1982, e resultando que no proceso de información oficial conste consulta coa Comunidade Autónoma.

Iniciado a tramitación coa declaración de utilidade pública e interese social para a instalación, tramitándose a continuación ante a CPU; esta se pronuncia de xeito denegatorio según resolución da acta 210 de 25/06/1986 dado que **o solo non pode computarse como non urbanizable dado que se ubica baixo o mar, máis alá do termo municipal**; a vista da presente resolución o Concello de Moaña con data de 9/12/1987 otorga a licenza municipal sobre o dominio público marítimo terrestre coa autorización do MOPU dado que en virtude do Artigo 81.3 do Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo, a característica de non pertencencia ao termo municipal estos **solos non poderían constituirse en solos non urbanizable**.

**Na actualidade**, como consecuencia da notificación no BOE de 19/09/2007 da O.M de 10/08/2007 polo que se aproba o deslinde de bens de dominio público marítimo-terrestre, **o terreo queda incorporado o termo municipal dado que polo seu borde queda determinado o límite interior da ribeira do mar, quedando dentro da servidume de protección que define a lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas**. Aquí polo carácter residual da non aplicabilidade de outras clasificacións do solo, atendendo o disposto no Artigo 15 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), este solo debe clasificarse de rústico de protección de costas con afección de tramitación dun Plan Especial por constituir espazo portuario da ría de Vigo.

Tanto a Disposición transitoria cuarta 2.c) da Lei de Costas están en línea coa Disposición Transitoria cuarta 3 da LOUGA, si ben no que na actualidade constitúe un solo rústico de protección de costas, o inicio do expediente non era tal si ben se xustifica que existía autorización suficiente para o outorgamento da licenza. Tendo en consideración do principio de interpretación integrada das normas contidas no Artigo 3 do Código Civil queda acreditada a **legalidade da instalación, do mantemento do uso autorizado, obras de mellora e reforma e se exclúen as de ampliación**.

SEGUNDO. A dobre notificación cursada e a respectivas exposicións públicas respecto o RAMNIP e decreto 133/2008, de 12 de xuño, de Avaliación de Incidencia Ambiental, faise debida a interpretación que se efectúa pola entrada da entrada en vigor da normativa en relación coa data de entrada da solicitude de licenza.

TERCEIRO. Atendendo o disposto no Artigo 9.1. do Decreto 133/2008 de 12 de xuño, de Avaliación de Incidencia Ambiental, se informa da existencia de actividades próximas do mesmo sector naval, aínda que os procesos de fabricación son sustancialmente distintos dado que estes últimos se fundamentan no poliéster. O cumprimento da Ordenanza Municipal de ruidos comprobaráse a cabo mediante empresa homologada. O Concello ten concesionado con carácter universal para todo o termo municipal a recollida de residuos sólidos urbanos, abastecimento de augas e vertido de augas residuais a sumidoiros con depuración.

CUARTO. O expediente trata dunha legalización dunha actividade. Queda argumentado no apartado primeiro a imposibilidade legal de calquer ampliación, tanto por disposición da LOUGA como pola Lei de Costas.

QUINTO. Adxúntase autorización do MOPU.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparellador municipal e **remitilo á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible – delegación territorial de Pontevedra**.

## 6.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamentoo das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
CULTURA E ENSINO	Agasallos (placas conmemorativas) Concertos Nadal 2009: Coral Moañesa e S. Pedro de Domaio	Rio da Ribeira Macbil, S.L..	4510 22601 RC 1910	160,08 €
LUDOTECA	Publicidade actividades Nadal e felicitacións socios/as	Kopiak.	3130 22611 RC 1933	85,80 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito que para eses gastos se efectuou nas partidas reflectidas na táboa,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

## 7.- PROPOSTA DE GASTOS: XUNTANZA DO NADAL PARA AS PERSOAS MAIORES 2009

Visto o informe-proposta da animadora sociocultural do 11 de decembro de 2009, co visto e prace da concelleira delegada, que di:

Con motivo da proximidade das Festas do Nadal, a Concelleiría de Servizos Sociais vai levar a cabo o baile do Nadal para as persoas maiores do municipio.

Este ano, o igual que o ano pasado, organízase unha xuntanza con baile no **Pavillón do colexio Reibón, o vindeiro sábado 19 de decembro**, as 17:30 h. Os matrimonios que neste ano 2009 cumprisen as vodas de ouro o Concello terá un agasallo cos mesmos.

O Concello farase cargo do traslado das persoas de **Domaio** que queiran asistir o baile, o encargado deste traslado é **autocares Benito García**

A persoa interesada **aboará na recadación** do Concello a cantidade de **tres euros**

O presuposto total para este acto para un total de 489 persoas ascende a cantidade de **7.474,75 €** (a imputar á partida presupostaria de servizos sociais **programas Prevención da dependencia**. Os gastos totais para a realización deste evento quedarían desglosados así:

- Restaurante Mochi .....	5.256,75 €
(servizo catering para 489 persoas x 10,75 € persoa)	
- Autobuses Benito García .....	250 €
(encargado do traslado as persoas de Domaio)	
- Asociación Enredos .....	300 €
(persoal para distribución de mesas)	
- Trío musical SALSALAU .....	1.044 €
(colocación megafonía e actuación)	
- Detalles cotillón .....	324 €
(establecementos Tenta Cien) – Adriana Marcela Baccaro Sanoti	
- Detalles para os matrimonios que cumpren .....	300 €
Vodas de ouro (Xoiería Terra, C.B)	

**O total de persoas a ingresar tres euros na recadación do Concello é de 468.**

PROPOSTA:

1.- Aprobar a realización da xuntanza do Nadal para as persoas maiores cos gastos anteriormente citados.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 3130 22617

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta para a realización da Xuntanza do Nadal para as persoas maiores 2009, e así autorizar e comprometer o gasto por un importe de 7.474,75 €, a favor dos provedores que se recollen na proposta, con cargo a partida 3130 22617 RC 1967, pola programación da xuntanza do Nadal para persoas maiores; e que as persoas interesadas en asistir a dita xuntanza ingresen 3 euros c/u na Recadación municipal.

## **8.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA**

**8.A)** Visto o informe da Tesourería municipal do 14 de decembro de 2009, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal

pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada pola empresa subministradora. Iberdrola, S.A, no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL,o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que,sendo imputables a cada entidade,fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal,excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto,remítese á Xunta de Goberno Local,a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

**\*Iberdrola S.A(CIF A48010615)**

TAXA(euros)	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE
		BASE*0,015
NOVEMBRO 2009	471,01	7,07

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía da liquidación reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Iberdrola, S.A. por 7,07 euros polo período que se recolle no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

**8.B)** Visto o informe da Tesourería municipal do 14 de decembro de 2009, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada pola empresa subministradora. Unión Fenosa, no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL,o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que,sendo imputables a cada entidade,fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal,excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto,remítese á Xunta de Goberno Local,a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

**\*Unión Fenosa Distribución, S.A. (CIF A 82153834)**

TAXA(euros)	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE
		BASE*0,015
NOVEMBRO 2009	188.539,80	2.828,09

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía da liquidación reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Unión Fenosa Distribución, S.A. por 2.828,09 euros polo período que se recolle no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro

### **9.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS**

Por instancia de data 30 de novembro de 2009, Unión Fenosa Distribución, S.A., representada por D.<sup>a</sup> Luz Gómez Señoráns, expón que realizada unha transferencia ao Concello de Moaña en data 11.11.08 por importe de 108,75 euros en concepto de pago “certificación urbanística O Facho II”, que non pertence a este Concello, solicita que lles sexa reintegrada, na conta que indica.

Visto o **informe favorable** da tesoureira do 11 de decembro de 2009 no que indica que comprobou o ingreso da cantidade indicada no escrito o 13 de novembro do corrente, sen que obrase con anterioridade título xurídico habilitante para o seu cobro. Non consta na contabilidade municipal dereito recoñecido ningún por tal importe nin existe solicitude ningunha pendente de tramitación por tal concepto, segundo se desprende do informe emitido polo negociado de obras,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución de ingresos indebidos solicitada por Unión Fenosa Distribución, S.A.

### **10.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA**

D.<sup>a</sup> María José Verdeal Nogueira, por escrito do 30 de novembro de 2009, expón que logo de facer a cesión e o asfaltado, inspeccionado xa polo técnico municipal, e obtida a licenza de 1<sup>a</sup> ocupación do expediente 356/05, solicita que lle devolvan a fianza depositada.

Visto o informe favorable do arquitecto técnico municipal de data 4 de decembro de 2009, que indica que unha vez que se comprobou a documentación requirida e feita unha inspección ao lugar de emprazamento, **procede a devolución da fianza da cantidade de 373,20 €** pola urbanización do expediente de obra 356/05,

Visto o informe da tesoureira municipal do 11 de decembro de 2009 que reflicte que comprobou o depósito da fianza correspondente na Tesourería Municipal (núm. de documento 2006-245-0) e que dado o contido do informe emitido polo arquitecto



técnico municipal do 04.12.09, **informa favorablemente** a devolución da fianza correspondente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución da fianza solicitada en concepto de urbanización do expte. de obra nº 356/05 a D.<sup>a</sup> María José Verdeal Nogueira, por importe de 373,20 euros,

## **11.- LUDOTECA**

### **11.A) MODIFICACIÓN DE HORARIO EN PERIODO NON ESCOLAR**

Vista a proposta do 2 de decembro de 2009 sobre cambio de horario de apertura da ludoteca en período non escolar de acordo coa ordenanza municipal, realizada pola coordinadora da Ludoteca co visto e prace da concelleira de Servizos Sociais, que di:

Apertura da Ludoteca Municipal en horario ao público de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres nos seguintes períodos non escolares:

- Do 23 de decembro de 2009 ao 7 de xaneiro de 2010: Nadal
- Do 15 ao 17 febreiro de 2010: Entroido
- Do 29 de marzo ao 5 de abril de 2010: Semana Santa
- Do 23 de xuño ao 9 de setembro de 2010: verán

As traballadoras da ludoteca terán o seu horario de 8.00 a 14.30 horas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta sobre horario de apertura da Ludoteca en período non escolar non seus xustos termos.

### **11.B) MODIFICACIÓN DE TARIFAS CORRESPONDENTES A USUARIAS DA LUDOTECA**

A coordinadora da ludoteca informa, o día 2 de decembro de 2009, que a socia nº 54, Antía Piñeiro Leite cumpre ese día 13 anos e que a ludoteca está destinada para nenos/as de 4 a 12 anos. Como consecuencia da súa baixa, á súa irmá Marian, socia nº 55 terá que aplicárselle a tarifa normal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda: Primeiro: dar de baixa á socia nº 54 Antía Piñeiro Leite, por superar a idade á que está destinada o servizo de ludoteca.

Segundo: modificar a tarifa asignada á socia nº 55, a súa irmá, que pasará a pagar a tarifa normal (**art. 4 epgr. 1º**) a partir do xoves 03/12/09.

## **12.- VENDA AMBULANTE**

D.<sup>a</sup> Faustina Lafuente Vidal, por escrito con entrada neste Concello o día 3 de decembro, solicita un espazo no mercadiño dos sábados de tres metros cadrados para a venda ambulante de churros en remolque acondicionado. Achega fotocopia do DNI,

tarxeta do nº de rexistro da venda ambulante da Xunta de Galicia, acreditación de estar ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade social.

Visto o informe favorable do encargado do mercadiño do día 10 de decembro de 2009, para a concesión dun posto para un remolque para a venda de churros de catro metros cadrados,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder un posto para un remolque de catro metros cadrados para a venda de churros no mercadiño dos sábados a D.<sup>a</sup> Faustina Lafuente Vidal.

### **13.- RECLAMACIÓN DE DANOS**

D.<sup>a</sup> Carmen Valverde Rivas, por escrito do 30 de setembro de 2009, expón que o día 29 de setembro sufriu unha caída accidental nas Barxas, ao caminar polo lateral do edificio que está en obras ao lado do Concello e que esvarou a consecuencia do mal estado no que está a beirarrúa, caendo contra un valado de ferro, o que lle provocou unha lesión. Conclúe que tivo que acudir ao servizo de urxencias do centro de saúde e solicita que se repare a beirarrúa para que outras persoas non sufran caídas nesa zona e que lle indemnicen polos danos ocasionados, xa que debe permanecer en repouso e non pode traballar. Acompaña a solicitude dun parte e dun informe radiolóxico.

Visto que non consta no expediente informe da Policía local que acredite a veracidade dos feitos,

Visto que non consta na reclamación a determinación económica dos danos,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista dos antecedentes referidos, acorda desestimar a reclamación de danos presentada pola señora Valverde porque as obras foron realizadas pola empresa Plygepe S.L. e porque a zona de obras na que se produciu o accidente estaba perfectamente sinalizada, ademais de non constar informe da Policía local nin cuantificación económica detallada dos danos.

### **14.- CERTIFICACIÓN Nº 3 DA OBRA “REFORMA DO PASEO MARÍTIMO DA PRAIA (MOAÑA)”.**

Dáse conta da certificación ordinaria nº 3 de data 30 de novembro de 2009, da obra “Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)”, presentada pola empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., asinada polo director de obra D. Gumersindo Ferro Pichel.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 11 de decembro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Aprobar a certificación ordinaria nº 3 de data 30 de novembro de 2009 por importe de 41.543,76 € da obra “Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)”.

**Segundo:** Aprobar a factura de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. nº 204/09, de data 30/11/09, por un importe de 41.543,76 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 4320.60118.

## **15.- CERTIFICACIÓN LIQUIDACIÓN DA OBRA “SANEAMENTO DE BROULLÓN”.**

Dáse conta da certificación liquidación, de data 26 de novembro de 2009, da obra “Saneamento de Broullón”, presentada pola empresa E.P. MARTIÑO S.L. e asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 14 de decembro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Aprobar a certificación liquidación de data 26 de novembro de 2009 por importe de 49.575,04 € da obra “Saneamento de Broullón”.

**Segundo:** Aprobar a factura de E.P. MARTIÑO S.L. nº 72, de data 25/11/09, por un importe de 49.575,04 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 5110.60108.

## **16.- CERTIFICACIÓN PARCIAIS Nº 8 E 9 DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA PO-314 AVDA. DANIEL CASTELAO”**

Dáse conta das certificacións parciais nº 8 e 9 da obra “Mellora da seguridade vial na PO-314 Avda. Daniel Castelao”, presentadas pola empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., asinadas polo director de obra D. Juan Fernández Rivas, a certificación nº 8 por importe de 8.651,52 euros e a certificación nº 9 por importe de 2.946,84 euros.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 9 de outubro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 9 de outubro de 2009, por entender que as obras foron efectivamente executadas nos termos recollidos e as certificacións asinadas polo Director de Obra e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

**Segundo:** Aprobar a certificación nº 8 da obra “Mellora da seguridade vial na PO-314 Avda. Daniel Castelao”, de data 31 de marzo de 2009, por importe de 8.651,52 € e a certificación nº 9- parcial da obra “Mellora da seguridade vial na PO-314 Avda. Daniel Castelao”, de data 17 de xullo de 2009, por importe de 2.946,84 €.

**Terceiro:** Aprobar a factura nº 52/09, de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de data 6 de abril de 2009, polo importe de 8.651,52 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 5110.61119 e a factura nº 132/09, de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de data 31 de agosto de 2009, polo importe de 2.946,84 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 5110.61119.

## **17.- CERTIFICACIÓN Nº 10 LIQUIDACIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA PO-314 AVDA. DANIEL CASTELAO”**

Dáse conta da certificación nº 10 liquidación da obra “Mellora da seguridade vial na PO-314 Avda. Daniel Castelao”, presentada pola empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., asinadas polo director de obra D. Juan Fernández Rivas, por importe de 41.719,20 euros.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 14 de decembro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 14 de decembro de 2009, por entender que as obras foron efectivamente executadas nos termos recollidos e as certificacións asinadas polo Director de Obra e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

**Segundo:** Aprobar a certificación nº 10 liquidación da obra “Mellora da seguridade vial na PO-314 Avda. Daniel Castelao”, de data 31 de xullo de 2009, por importe de 41.719,20 €.

**Terceiro:** Aprobar a factura nº 133/09, de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de data 31 de agosto de 2009, polo importe de 41.719,20 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 5110.61119.

## **18.- CERTIFICACIÓN Nº 1 E Nº 2-LIQUIDACIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE APARCAMENTO NO CONCELLO DE MOAÑA”**

Dáse conta da certificación nº 1 e 2-liquidación da obra “Acondicionamento de beirarrúas e zonas de aparcamento no Concello de Moaña”, presentada pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L., asinadas polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes, a certificación nº 1 por importe de 80.372,31 euros e a certificación nº 2 por importe de 6.496,47 euros.

Visto o informe da Intervención Municipal de data 14 de decembro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 14 de decembro de 2009, por entender que as obras foron efectivamente executadas nos termos recollidos e as certificacións asinadas polo Director de Obra e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

**Segundo:** Aprobar a certificación nº 1 da obra “Acondicionamento de beirarrúas e zonas de aparcamento no Concello de Moaña”, de data 26 de novembro de 2009, por importe de 80.372,31 € e a certificación nº 2- liquidación da obra “Mellora da

seguridade vial na PO-314 Avda. Daniel Castelao”, de data 3 de decembro de 2009, por importe de 6.496,47 €.

**Terceiro:** Aprobar a factura nº 09/137, de EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L., de data 26 de novembro de 2009, polo importe de 80.372,31 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 5110.61122 e a factura nº 09/145, de EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L., de data 3 de decembro de 2009, polo importe de 6.496,47 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 5110.61122.

### **19.- EXAME DE OFERTAS E ADXUDICACIÓN PROVISORIA DA OBRA “SANEAMENTO DA COSTA GRANDE (BERDUCEDO) ”.**

En Xunta de Goberno de data 23 de novembro de 2009 se aprobou o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, da obra “Saneamento da Costa Grande (Berducedo)”, xuntamente cos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberían de rexe-la contratación de obras, mediante procedemento negociado sen publicidade e remitindo invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS. S.A.
- E. P. MARTIÑO S.L.

De conformidade co artigo 13 dos pregos de licitación, pola Secretaría municipal procedeuse a examinar a documentación administrativa remitida polos licitadores aos que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e e solvencia necesarias para a execución da obra.

A empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS. S.A. presenta oferta en prazo, nº rexistro de entrada 10210 e 10211 de 1 de decembro de 2009.

As empresas EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L. e E. P. MARTIÑO S.L. non presentan oferta.

Revisada a documentación do sobre A aportada pola empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS S.A., sobre relativo á documentación administrativa, e, á vista da citada documentación, declárase admitida a proposición presentada por esta empresa.

A continuación, procédese, ao acto de apertura da oferta económica, co seguinte resultado:

- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS. S.A.:

Prezo: 89.026,39. (76.746,89 euros + 12.279,50 euros de IVE.)

Prazo de execución: Tres meses.

Melloras: Non se ofertan melloras.

Prazo de garantía: 12 meses.

Á vista das condicións expostas, entendendo que a oferta da empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES. S.A. cumpre os requisitos previstos nos pregos de licitación, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO: Declarar válida a licitación e adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Saneamento da Costa Grande (Berducedo)” á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES. S.A. por importe de OINTE E NOVE MIL VINTESEIS EUROS E TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (89.026,39 euros) (76.746,89 euros + 12.279,50 euros de IVE) un prazo de execución de 3 meses, e un prazo de garantía de 12 meses.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto por importe de 89.026,39 euros con cargo á partida 5110.60107 do orzamento municipal do ano 2009.

TERCEIRO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos dez días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 3.837,34 euros

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no perfil do contratante e notificalo aos licitadores.

## 20.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

A vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionn a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
MARÍA ROSA CURRÁS CURRÁS	Saneamento, uso doméstico	Reibón, 148 - Meira	Presenta factura do 07.09.2000 de Espina & Delfín pola acometida simple augas fecais	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
EUSEBIO OTERO TRIGO	Auga, uso comercial Saneamiento uso comercial	As Barxas 11 A	Dereitos conexión ..... 60 € Fianza ..... 20 € Saneamento ..... 180 €	
COMUNIDADE PROPIETARIOS ALMANSA Nº 5	Auga, uso doméstico, grifo para limpeza	Almansa, 5	Dereitos conexión ..... 60 € Fianza ..... 20 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
JESÚS PIÑEIRO MARTÍNEZ	Saneamento, uso doméstico	Moureira, 213	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
EUGENIA PIÑEIRO GONZÁLEZ	Saneamento, uso doméstico	Moureira, 252	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:25 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.